

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Anuncio das bases e convocatoria do proceso selectivo dunha praza de oficial condutor de tractor persoal

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 442/2024 de 24 de abril, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo dunha praza de oficial condutor de tractor, como persoal laboral interino grupo IV e a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Muros e que se transcriben a continuación:

BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR TRACTOR, PERSOAL LABORAL INTERINO GRUPO IV E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE MUROS

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a cobertura dunha praza de oficial condutor de tractor (grupo IV) baixo a modalidade contractual de persoal laboral interino e a creación dunha bolsa de emprego. A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, cos descansos establecidos legalmente.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA QUE SE CONVOCA

As funcións a desenvolver son as propias do posto, dentro da súa capacitación profesional e legal. Así mesmo, realizará aqueloutras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo de obras do Concello de Muros.

As retribucións serán as correspondentes ao grupo laboral IV, xunto cos demais complementos da praza, de acordo co cadro de persoal dos orzamentos de Concello de Muros, sen prexuízo das adaptacións retributivas que deriven das leis de orzamentos do Estado.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición libre que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para os nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.

d) Que non fora separada mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separada ou inhabilitado/as. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Posuír ou estar en condicións de obter a titulación de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), graduado escolar, FP1 ou equivalente. A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás

titulacións extinguidas. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

g) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal) utilizando o anexo de solicitude publicado no sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal/sxc/export/sites/muros/recursos/downloads/Varios/ANEXO-II-SOLICITUDE-EMPREGO-2024-SEN-MERITOS.pdf>) e que tamén estará á disposición das persoas interesadas na web municipal <http://www.muros.gal>, no Rexistro xeral do Concello. O prazo para a presentación de solicitudes remata aos 10 días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación destas bases no BOP.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: notifica@muros.gal, durante o mesmo prazo ca o de presentación de solicitudes. No caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo.

Xunto co modelo de solicitude, as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos exixidos no apartado 4 (Anexo II).
- Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que sexan requiridos (Anexo II).
- Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Anexo II).
- Xustificación da titulación académica requirida.
- Carné de conducir tipo B.
- Se é o caso, certificado de galego CELGA 2.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes, e non se tomarán en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate do prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

6. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.muros.gal), indícarase o nome, apelidos e o DNI codificados das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de 2 días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a composición do Tribunal e a data e hora da realización do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Muros.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaría e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

Os membros do tribunal, así como os asesores especialistas designados, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

No nomeamento dos membros do tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle a Alcaldía ou á Concellería delegada a proposta do tribunal.
- O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolta por decreto da alcaldesa ou de concelleira/a delegada/o con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.
- Os membros do tribunal, así como aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que os membros do tribunal sexan traballadores municipais, unicamente percibirán dietas. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.
- O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto a decisión que estime oportuna.
- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidencia e secretaría, ou quen os substitúa.
- O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, asinada por todos os membros do tribunal asistentes.

A presidencia poderá solicitar dos membros do tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.

Por resolución da Alcaldía ou a Concellería delegada nomearanse aos novos membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Alcaldía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

8. PROCEDEMENTO SELECTIVO

Os anuncios do tribunal efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede. muros.gal), sendo a data de publicación na sede a que determine os prazos para presentación de reclamacións, e opcionalmente na páxina web do Concello (muros.gal). Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase á coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos exixidos na convocatoria, será excluída, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio. Ao finalizar os exercicios as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas. O órgano de selección publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros relación de respostas correctas ás preguntas formuladas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 16 puntos, dos cales como máximo 15 serán da fase de oposición e 1 da de concurso e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. FASE DE OPOSICIÓN

a) Primeiro exercicio

Terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. A proba consistirá nun cuestionario tipo test, a realizar nun tempo máximo de 30 minutos, de 20 preguntas, máis 4 preguntas de reserva, con 4 alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido do temario anexo á convocatoria. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,50 puntos. As respostas erróneas penalizan 0,10 puntos. As respostas en branco non penalizan. Para a realización destas probas a persoa aspirante presentarse co seu propio bolígrafo

b) Segundo exercicio

Terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima desta fase será de 5 puntos. A proba consistirá na realización dunha proba práctica/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 2,5 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos. Só realizarán este exercicio as persoas que superen o primeiro exercicio. O tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para a súa valoración.

c) Terceiro exercicio

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 2 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao Tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinaraa o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á exigida para o CELGA 2.

Esta proba cualificará será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apto, dado que non cumprían o requisito esixido no punto 4.e) destas bases.

B. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

- **Estar en posesión do carné de conducir tipo C:** 1 punto (*acreditarse mediante copia do carné de conducir*)

9. RESOLUCIÓN E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A puntuación obterase do resultado da suma dos exercicios da fase de oposición e do concurso. No caso de empate de dúas ou máis persoas candidatas, realizarase un sorteo público para dirimir o empate.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente, e propondrá a Alcaldía a contratación como persoal laboral interino como oficial condutor de tractor ao aspirante que obtivese a maior puntuación e a creación da bolsa de emprego co resto dos aspirantes por orde de puntuación decrecente.

Por decreto da Alcaldía aprobarase a contratación do persoal e a constitución da bolsa de emprego coas persoas concursantes que superaron o proceso selectivo, clasificadas por orde de maior a menor puntuación.

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 4 anos a contar desde a aprobación da súa constitución, prorrogable por un ano mais, ou atase constitúa unha nova bolsa que a substitúa a esta.

10. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

Nos supostos de necesidade de cobertura de unha ou varias prazas de persoal ao que se refire este proceso selectivo, comunicarase telefonicamente a primeira persoa da lista. Si esta persoa non colle a primeira chamada telefónica, enviaráselle un correo electrónico, whatsapp e/ou un SMS informándoo desta circunstancia, que deberá notificar nun prazo máximo de 1 día hábil a súa dispoñibilidade.

Este chamamento, se é o caso realizase como máximo en 3 ocasións en 2 días distintos.

O empregado público que realice estas actuacións deberá deixar constancia destas actuacións mediante dilixencia no expediente.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustifico, ou a ausencia de resposta ao chamamento, suporá que a persoa aspirante pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego, agás que esta sexa por causa xustificada documentalmente.

Considéranse causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición como non dispoñible ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- **Estar en situación de Incapacidade Temporal, debidamente acreditado.**

- Estar en situación de baixa por maternidade, paternidade ou adopción, debidamente acreditado.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, hospitalización ou operacións programadas debidamente acreditado un abano de 15 días.
- Estar en situación de emprego activo, debidamente acreditado.
- Outras causas debidamente xustificadas.

As persoas aspirantes que xustifiquen algún destes extremos, quedarán en suspensión de chamamentos ata que comuniquen ao concello que están dispoñibles para traballar.

Unha vez chamada á persoa candidata segundo a orde de prelación da bolsa de emprego, esta deberá achegar no improrrogable prazo de 2 días:

1. Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.

2. Declaración de non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin estar sometido/a á sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

3. Número de Afiliación a Seguridade Social.

4. Certificado de número IBAN de conta bancaria.

Non será necesario presentar a documentación dos puntos 3 e 4 cando xa figure no concello.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente. Neste caso a persoa volverá ao posto que tiña na bolsa de emprego.

A duración máxima dos contratos será a establecida no artigo 15 do Estatuto dos traballadores modificado polo Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decembro. Quedarán en suspenso os chamamentos daquelas persoas que nun prazo dun ano acumulen un tempo traballado de mais de seis meses, incluída a nova contratación. Esta limitación non afectará aos contratos de interinidade.

11. INCIDENCIAS

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

12. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal, infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

13. NORMATIVA APLICABLE

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

14. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de

dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña. Os prazos contaránse dende o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado dende a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso administrativo.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. O condutor. Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Permiso e licenzas de condución: clases e vehículos autorizados para conducir.

Tema 2. Código de circulación. Lei e Regulamento de circulación e seguridade viaria.

Tema 3. O vehículo: definicións, documentación e mantemento mediante operacións de mecanizado básico.

Tema 4. Uso e manexo de vehículos e maquinaria de obra. Coñecemento e mantemento de tractores, maquinaria, guindastre e vehículos utilizados polo brigada de obras.

Tema 5. Circulación segura. A visibilidade. Condución económica e eficiente. Distintivo ambiental.

Tema 6. Accidentes de circulación e socorrismo. Prevención de riscos laborais en tarefas relacionadas coas obras. Normas básicas de seguridade e saúde e primeiros auxilios.

Tema 7. Toponimia do Concello de Muros. Xeografía, parroquias, rueiros, edificios públicos.

Muros, 3 de maio de 2024

A alcaldesa,

Da. María Lago Lestón

2024/3070